

## **Cineastas de diversos países europeos asistirán ao Festival de Curtametraxes de Bueu**

Varias das cintas participantes proxectaranse por primeira vez en España no certame que se celebra do 5 ao 10 de setembro

**Bueu, 2 de setembro de 2011.** Membros do equipo de varias das curtas europeas que compiten no Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu asistirán ao certame a vindeira semana. Bélxica, Armenia, Alemaña, Ucraína, Alxeria, Polonia, Turquía ou Arxentina son algunhas das nacionalidades das 25 curtas que participarán no FICBUEU2011, que se desenvolve do 5 ao 10 de setembro. Convidados procedentes de algúns destes países achegaranse ata o Centro Social do Mar de Bueu (Pontevedra), onde se celebra o festival.

Está previsto asemade que representantes das dúas cintas galegas que concursan nesta cuarta edición estean presentes o día da proxección. Trátase de 'Dúas Letras', que se pasará o luns día 5, e da comedia 'De qué se ríen las hienas', que será presentada polo seu produtor, Xosé Zapata, o martes 6 de setembro. O FICBUEU2011 contará tamén con representación dalgunhas das curtas españolas seleccionadas para o certame.

Para varias das curtametraxes, como é o caso da alemá 'Seppi & Hias', a proxección de Bueu será a primeira que se faga en España, unha estrea a nivel estatal pola que diversos directores amosaron a súa satisfacción. Do mesmo xeito, para o público asistente trátase dunha das poucas oportunidades de ver na pantalla grande producións doutros países, pois en Galicia son escasos os festivais de curtas de carácter internacional.

**SERVIZO DE COMUNICACIÓN**  
Carmen Novas 616 145 077  
prensa.ficbueu@gmail.com